



O PINDO (costa)

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 3 km (circular)
Dificultade: baixa



Península do Pindo co monte dos Mouchos no centro.



Porto do Pindo. O peirao está contruído na punta do Sinal.

Non imos facer unha subida ao mítico cume, senon unha camiñada arredor da península que protexe á localidade do Pindo por camiños abandonados e carreiros non moi transitados que as silvas e os toxos se empeñan en cegar e o paso ocasional de algunhas persoas aínda mantén abertos.

PERCORRIDO

Comezamos no porto, **na praia do Sinal**, para continuar pola cara norte, rochosa e moi recortada na que sobresaen varias puntas e cons e remata nunha pequena praia ao pé da **punta Rabela** que conserva restos dunha construción; continuamos pola cara de fóra, entre a punta Rabela e **As Morroás** na que destacan as grandes masas rochosas, e desde as Morroás volvemos á localidade por un tramo no que a costa vai perdendo altura e ten varias áreas de coios, unha torre baliza e, cara ao alto, algunhas rochas con formas curiosas. Desde a proximidade da torre baliza xa hai un carreiro que logo anchea para ser camiño e na altura da **praia de San Pedro**, un areal moito máis grande do que parece nunha primeira vista porque ten uns 200 m de longo pero máis de 400 m de cumprimento, ademais do camiño temos un paseo acondicionado e o principal punto de acceso á praia que pasa por enriba do regueiro que a circunda, formado por varios máis pequenos que baixan do Pindo, obrigado pola area que xunta o mar, e chegando á estrada rematamos o percorrido.

Un paseo duns 3 km no que botar unha boa hora, a pena é que non teña un carreiro ben marcado. Nas proximidades (uns 2, 5 km) atópase un dos lugares de maior interese da zona, o cadoiro do Xallas, que ben merece unha visita.



1-Cadoiro do Xallas

O Xallas nace no Monte Castelo e, despois de 64,5 km de percorrido cae nun salto de 30 m de altura na enseada de Ézaro. Unha lenda conta que detrás da ferverza existía unha porta máxica vixiada por bruxas. O mozo que se atrevía a pasar chegaba a debaixo do río e podía casar cunha fermosa princesa encantada e acadar unha gran fortuna.



Punta do Fornelo.



Punta Rabela.



As Morroás e o illote A Laxiña.



As Morroás



Os Mouchos



Praia de San Pedro, un areal de forma rectangular (400 m de fondo e 200 m de lonxitude) situado entre as puntas de As Morroás e A Crusiña.

